



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE MARZO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, réunese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 21 de marzo de 2017

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2017 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión (non asistiu o señor alcalde don Óscar A. García Patiño), aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Escrito de don Manuel María Mora y Pita da Veiga, rexistrado de entrada co número 0/2503, o día 24 de marzo de 2017, concelleiro do grupo municipal Popular, no que comunica a súa ausencia do termo municipal de Cambre durante sete días a contar dende o día 29 de marzo ata o vindeiro 4 de abril.
- Resolución do 14 de marzo de 2017, do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2017, cofinanciadas polo Fondo Europeo de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. (Diario Oficial de Galicia número 57, do 22 de marzo de 2017).

- Orde do 8 de marzo de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2017. (Diario Oficial de Galicia número 58, do 23 de marzo de 2017).

- Resolución do 24 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convoca para o ano 2017 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2017, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo. (Diario Oficial de Galicia número 60, do 27 de marzo de 2017).

- Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (axudas de indemnización establecidas no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero). (Diario Oficial de Galicia número 59, do 24 de marzo de 2017).

- Orde do 7 de marzo de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente aos exercicios de 2017 e 2018 (código de procedemento TR301K). (Diario Oficial de Galicia número 59, do 24 de marzo de 2017).

3º. Expedientes de contratación

3.1. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, do Programa de Traballo e do Plan de xestión de residuos, da obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais". Expediente: 2016/C003/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C003/000006 para a adxudicación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, da obra "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016".

Logo de ver o Plan de seguridades Saúde, o Programa de traballo e o Plan de xestión de residuos presentados pola empresa adxudicataria "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L., S.L.",



con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 17 de marzo de 2017, rexistrados aos números 0/2244 e 2245, así como o informe favorable presentado coa mesma data emitido por dona Laura López Santiago, da empresa "Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, SLU", entidade designada para a coordinación de seguridade e saúde da obra, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de febreiro de 2017.

Vistos os informes favorables emitidos con data 17 de marzo de 2017 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen foi designado director da obra e responsable do contrato, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de febreiro de 2017.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, e tendo en conta o establecido na cláusula 18.3 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 24 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", para a execución da obra denominada "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 (Expte 2016/C003/000006).

Segundo: Aprobar o Plan de xestión de residuos presentado pola empresa IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", para a execución da obra denominada "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 (Expte 2016/C003/000006).

Terceiro: Aprobar o programa de traballo presentado pola empresa "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", para a execución da obra denominada "Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais", incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 (Expte 2016/C003/000006).

Cuarto: Notificar aos interesados."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3.2. Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde da obra "Acondicionamento do entorno da rúa Vicente Risco no Temple. Cambre. Expediente 2017/C002/000006



Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Logo de ver o plan de seguridade presentado por don Francisco Jesús Cobas Fernández, coordinador de seguridade e saúde da obra, elaborado pola empresa adxudicataria “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 13 de marzo de 2017, rexistrado ao número 9/60, así como o informe favorable ao Plan de Seguridade e Saúde presentado tamén por don Francisco Jesús Cobas Fernández o mesmo día e con mesmo número de rexistro,

Á vista do informe favorable emitido pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Municipal, de data 23 de marzo de 2017,

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción,

Vista a proposta do concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 24 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.” para a execución da obra denominada obra “Acondicionamento do entorno da rúa Vicente Risco no Temple. Cambre”.

Segundo: Notificar aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 17 ao 23 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 423/2017 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade número 462/2017, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
423/2017	17/03/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P3965)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

424/2017	17/03/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LGM
425/2017	17/03/2017	Denegar a axuda de alimentación porque a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos. Solicitante: CLP
426/2017	17/03/2017	Denegar a axuda de alimentación porque a unidade de convivencia non está empadroada nin reside no municipio de Cambre con tres meses de antelación á data de formulación da solicitude de axuda. Solicitante: MCGT
427/2017	17/03/2017	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EMM
428/2017	17/03/2017	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de marzo de 2017
429/2017	17/03/2017	Ruta 125 aos castelos de Moeche e Naraío (castelos dos Andrade). Programa de rutas de sendeirismo VENTE DE MARCHA 2017. XVII edición. Castelos medievais da Gallaecia
430/2017	17/03/2017	Expediente de disciplina urbanística 2015/I002/000175 por obras realizadas en finca sita en Samosteiro, Cambre
431/2017	17/03/2017	Expediente de disciplina urbanística 2017/I002/000015 polo exercicio da actividade correspondente á ampliación do café-cantante sito en Paseo Marítimo, O Temple sen ter obtido á acta de comprobación favorable
432/2017	17/03/2017	Solicitude de aprazamento de débeda 3/2017
433/2017	20/03/2017	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 23 de marzo de 2017
434/2017	20/03/2017	Solicitude de aprazamento de débeda 4/2017.
435/2017	20/03/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DR (P 3954) masivo
436/2017	20/03/2017	Declarar o desistimento de don ILP á solicitude presentada para a inscrición da "Asociación Movemento Xove" no Rexistro municipal de asociacións veciñais, por non presentar en prazo a documentación requirida que establece o artigo 34 do Regulamento orgánico de participación cidadá do Concello de Cambre, e arquivase o expediente
437/2017	21/03/2017	Expedientes sancionadores de tráfico: DIM (P 3967)
438/2017	21/03/2017	Conceder a axuda recibo aluguer por importe de 235,33 euros e recibo de auga por importe de 64,10 euros. Solicitante: MJME
439/2017	21/03/2017	Aceptación subvención proxecto ANAINAR convocatoria de axudas para actuacións a desenvolver polos gobernos locais asociados á FEMP dirixidas a facilitar a posta en marcha de accións para fomentar á transversalidade de xénero nos plans locais
440/2017	21/03/2017	Incoación do procedemento sancionador a ÁGG, titular de licenza de taxi, por condutas tipificadas na Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de Galicia
441/2017	21/03/2017	Prórroga de autorización de venda ambulante en vehículo tenda OMR
442/2017	21/03/2017	Recurso de reposición interposto pola ANPA IES David Buján contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación núm. 122/2017, do 2 de febreiro, pola que se desestima a súa solicitude de subvención municipal a entidades sen fin de lucro 2016
443/2017	21/03/2017	Corrección erro Resolución nº 269/2017 de data 23 de febreiro, debido a un erro material, no pé de firma figura "o alcalde Óscar A. García Patiño", cando debería figurar "o alcalde en funcións Juan Evaristo Rodríguez Vázquez" segundo o establecido na Resolución número 183/2017 de data 9 de febreiro
444/2017	21/03/2017	Corrección erro Resolución nº 290/2017 de data 24 de febreiro, debido a un erro material, no pé de firma figura "o alcalde Óscar A. García Patiño", cando debería figurar "o alcalde en funcións Juan Evaristo Rodríguez Vázquez" segundo o establecido na Resolución número 183/2017 de data 9 de febreiro
445/2017	22/03/2017	Informe municipal sobre proxecto de construción Vía Ártabra, treito: N-VI--AP
446/2017	22/03/2017	Aprobación da actividade e dos gastos da viaxe a Madrid para a xornada de formación e intercambio de boas prácticas municipais para os beneficiarios de axudas da FEMP
447/2017	23/03/2017	Conceder á Asociación deportiva e cultural Clubs de fútbol de Cambre o prazo de 15 días hábiles a contar a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, co fin de que presente a documentación
448/2017	23/03/2017	Conceder ao Club Béisbol e Sofbol Cambre, o prazo de 15 días hábiles a contar a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, co fin de que presente a documentación
449/2017	23/03/2017	Conceder a axuda recibo luz e gas por importe total de 107,16 euros e recibo de auga por importe de 62,39 euros a M.C.R.P.
450/2017	23/03/2017	Renuncia axuda aluguer. Solicitante: LDS
451/2017	23/03/2017	Aprobación de facturas (JA, SL e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 138.886,81 euros
452/2017	23/03/2017	Resolución pagamento nómina mes de marzo de 2017 por un importe bruto de 350.109,23 euros
453/2017	23/03/2017	Recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario nº 39/2017 de dona MICS contra o Concello de Cambre (expediente 2015/I002/000175).
454/2017	23/03/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		MLV para realizar diversas obras na edificación existente na finca sita en Castrillón, Pravio
455/2017	23/03/2017	Expediente de orde de execución 2015/I002/000114 por estado de finca sita en Camiño dos Cacharros, Sigrás, Cambre
456/2017	23/03/2017	Declarar a ineficacia parcial da comunicación previa presentada por CAVR para realizar obras na edificación sita en Souto, , Anceis, e se incoa expediente de disciplina urbanística
457/2017	23/03/2017	Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por ML SR para a instalación dun portal na finca sita en Piñeiro, Cecebre
458/2017	23/03/2017	Conceder a ADN licenza municipal para a talla de 40 eucaliptos e 4 piñeiros na finca sita en Outeiro, Cela
459/2017	23/03/2017	Expediente de disciplina urbanística por construción auxiliar sen adaptarse á comunicación previa presentada en finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: MCM
460/2017	23/03/2017	Conceder o dereito de uso privativo e autorización de apertura da urna sinalada coa letra A, no panteón perimetral nº 136, no cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: RJMC
461/2017	23/03/2017	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos. Solicitante: NLP
462/2017	23/03/2017	Conceder a licenza para a posesión de animais potencialmente perigosos, pit bull 941000019447306. Solicitante: RDE

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibiu á A.V. Brexo-Lema con Elisa Pestonit.
- Tivo lugar nesta alcaldía a reunión da Xunta de Seguridade á que asistiu o subdelegado do goberno.
- Asinou o convenio co alcalde de Sada, Benito Portela, do obradoiro sociosanitario entre os dous concellos.
- Acudiu á presentación do Club Ciclista Cambre.

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, dá conta dos seguintes asuntos:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- O día 21 de marzo, con motivo do día da árbore, plantáronse nos CEIP, ás 11.20 horas no CEIP do Graxal, este acto suspendeuse por chuvia. Ás 12.30 no CEIP Sigrás plantáronse dúas árbores. Ás 13.30 horas no CEIP Brexo-Lema plantouse unha árbore.
- O día 23 de marzo. Xornadas de formación e intercambio de boas prácticas municipais. Construíndo a igualdade dende a actuación, en Madrid os días 23 e 24. Concedéronnos unha subvención por importe de 17.500 euros.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 20 contactou con Patricia Vázquez Alonso, responsable de centros de Terceira Idade de Caritas Interparroquial, para formalizar un acordo de colaboración para o novo proxecto de obradoiro de emprego de Cambre-Sada.
- O día 23 publicouse a orde de convocatoria de subvención para a contratación de orientadores laborais do SPEG. Importante solicitálo xa que están desviando usuarios de Cambre a outros concellos.
- O día 24 asinouse o convenio de colaboración entre os alcaldes de Cambre e Sada para a solicitude do novo obradoiro de emprego Cambre-Sada PROXEDIS (PROfesionais en Xeriatría e DIScapacidade) dos anos 2017/2018.
- O día 25 sábado asistiu á presentación do Club Ciclista Cambre-Renault Caeiro cara a tempada 2017.

Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- Asistiu á reunión da Xunta Local de Seguridade que tivo lugar o día 24 de marzo na alcaldía.
- O día 25 de marzo recolleu a medalla que se lle concedeu a David Pisani, na academia de seguridade na Estrada.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- APP OMIX: descargas, 1.621; visitas, 18.063.
- Día 24 na casa da Xuventude, actividade "Por fin é venres" "cruzar a ponte". Visita á carpa de Xuventude que instalou o Concello de Culleredo.
- Día 25 paintball. Non houbo ningún incidente.
- Actividade recreadores de Galicia: gastronomía castrexa e romana.



Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- O luns 28 mantivo unha reunión con asociacións para informar sobre a realización durante a Semana Santa da feira de época "Noutrora".
- Dentro do servizo de Deportes, don Brais Cubeiro Fernández dá conta dos seguintes asuntos:
- O sábado 25 asistiu á inauguración do Club Ciclista Cambre.
- O sábado 25 asistiu ao concerto de primavera da banda de música "Sementeira" no auditorio do conservatorio profesional de música de Culleredo.
- O domingo 26 asistiu á fase local xadrez escolar comarca "As Mariñas" no pavillón Sofía Toro.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Adxudicación á entidade "Autos Brea, S.L.", no importe ofertado de 6.500,00 euros IVE incluído, da contratación menor para a subministración dunha furgoneta destinada a uso da brigada de obras municipal. Expediente 2017/C002/000012
- Prórroga, ata o 15/07/2018, do contrato administrativo suscrito con Automoviles Sigrás – Carral, S.A., para a prestación do "Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre". Expediente: 2015/C004/000003
- Adxudicación á empresa "Monteoliva Arquitectura, S.L.P.", no importe ofertado de 16.940,00 euros IVE incluído, da "Redacción do Plan Especial de Reforma Interior da UE 10 C Concello de Cambre." Exp. 2017/C002/000005
- Adxudicación á aseguradora "Zurich Insurance PLC , Sucursal en España", no importe de prima ofertado de 10.933,87 euros, dunha póliza de seguro de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2017, (ambos incluídos). Expediente 2017/C002/000015
- Prórroga, ata o 31/12/2017, da póliza de seguros de accidentes para o persoal e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre, suscrito con "ACE European Group Limited, Sucursal en España". Expediente: 2014/C006/000005
- Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Reparación de danos ocasionados por temporais Xaneiro-Febrero 2014. Bribes e Mercurin (Anceis)", investimento cofinanciado en virtude de Resolución de 4 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, (BOE nº



266, 06/11/2015), pola que se asignan subvencións por danos en infraestructuras municipais e rede viaria das deputacións provinciais e forais, así como das comunidades autónomas uniprovinciais, previstas no Real Decreto-Lei 2/2014 de 21 de febreiro, (BOE nº 46, 22/02/2014), convocadas por Resolución de 11 de maio de 2015 (BOE nº 114,13/05/2015)

- Aprobación de certificación de obra correspondente á obra “Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Excm. Deputación provincial da Coruña.

- Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo Lema” incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excm. Deputación provincial da Coruña.

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.

A) Adxudicación á entidade “Autos Brea, S.L.”, no importe ofertado de 6.500,00 euros IVE incluído, da contratación menor para a subministración dunha furgoneta destinada a uso da brigada de obras municipal. Expediente 2017/C002/000012

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 13 de marzo de 2017, o enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe-proposta xustificativo da necesidade de adquirir, por medio de compra-venda, unha furgoneta para uso da Brigada de obras municipal, ante a necesidade de dar cobertura ás incidencias que debe resolver a Brigada e para os efectos dunha mellor organización das tarefas, resultando que a necesidade desta subministración, que deu orixe ao aluguer temporal dun vehículo destas características (durante un prazo de seis meses desde agosto de 2016 a febreiro de 2017, e un importe total de 5.082,00 euros IVE incluído), volveuse permanente, o que motiva a proposta para a súa adquisición, por un importe total de 6.500,00 euros.

O enxeñeiro de camiños municipal, incorpora no seu informe a descrición das características do vehículo que se quere adquirir, para cúa subministración solicitáronse ofertas a tres empresas capacitadas para a execución do obxecto do contrato, que constan no expediente.

Existe crédito dabondo na aplicación orzamentaria 2017/1532/62400 *Elementos de transporte pavimentación vías*, para facer fronte aos gastos derivados desta contratación, segundo documento de retención de crédito emitido polo Departamento de Intervención Municipal con data do 13 de marzo actual.

Con data do 13 de marzo de 2017 o enxeñeiro de camiños municipal- xefe da sección de servizos , emite informe-proposta de adxudicación a prol da entidade “Autos Brea, S.L.”, no importe



ofertado de 6.500,00 euros IVE incluído, por ser a entidade que realizou a oferta máis baixa, no importe antedito.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de subministracións, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 24 de marzo actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2017/C002/000012.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Servizos de data do 24 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada polo enxeñeiro de camiños municipal-xefe da Sección de Servizos, para a para a subministración dunha furgoneta destinada a uso da brigada de obras municipal, así como a descrición das características do vehículo que constan na antedita proposta.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532/62400 - *Elementos de transporte pavimentación vías*.

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2017/C002/000012, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás entidades "Autos Brea, S.L.", "Inturasa" e "Bugas y Vidal, S.L.", que presentaron oferta para a presente licitación.

Quinto: Adjudicar o contrato menor, no prezo ofertado de 6.500,00 euros, IVE incluído, á empresa Autos Brea, S.L., con CIF: B- 15015985 e domicilio en rúa do Cruceiro, 101-15702-Santiago de Compostela – A Coruña, por ser a oferta máis vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo , ao realizar a oferta máis baixa das recibidas.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sétimo: Designar como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao enxeñeiro de camiños municipal, don Óscar Souto Muíño, a quen lle corresponderá supervisar a súa prestación, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención, Servizos e Patrimonio, e á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Prórroga, ata o 15/07/2018, do contrato administrativo suscrito con Automoviles Sigrás – Carral, S.A., para a prestación do “Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre”. Expediente: 2015/C004/000003

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2015/C004/000003, dictouse resolución polo señor Alcalde nº 1.170/2015 de data 08/07/2015, na que se adxudica o “Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre” ao licitador “Automóviles Sigrás – Carral, S.A.”, asinandose o correspondente contrato o día 14 de xullo de 2015.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, este ten un prazo de execución de dous anos contados a partir do día seguinte á súa formalización en documento administrativo, pudiéndose prorrogar por un ano máis, logo do acordo do órgano de contratación, realizado a petición do contratista, antes da finalización do contrato principal, tal e como consta na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas, e epígrafe 4 do anexo número I (Cadro de características do Contrato).

Visto o escrito presentado por don Arturo Miguez Corral, en representación da entidade Automóviles Sigrás – Carral, S.A., con data do 14 de marzo de 2017 e rexistrado de Entrada ao número 0/2131, no que solicita a prórroga do contrato polo prazo máximo de un ano, ata o 14 de xullo de 2018.

Visto o informe favorable que xa fora emitido con data do 24 de febreiro de 2017 pola animadora deportiva adscrita á área de educación co conforme do coordinador de actividades culturais e educativas, no que consta que o adxudicatario cumpriu coas prescricións técnicas contratuais e o seu traballo foi satisfactorio, polo que non existe inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 4 do anexo I do antedito



prego, e de conformidade e co establecido no artigo 303.1 do RD Lexislativo 3/2011 que aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público.

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade de data do 27 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Prorrogar, ata o día 15 de xullo de 2018, e nos seus mesmos termos, o contrato subscrito co licitador “Automóviles Sigrás – Carral, S.A.” e domicilio na Avda. de Almeiras, nº 3-5 15180 Culleredo – A Coruña, para a prestación dos Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre”, (Expediente 2015/C004/000003), tal e como se contempla na cláusula cuarta do contrato subscrito, cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 4 do Cadro de Características do Contrato (Anexo I).

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, así como aos departamentos municipais de Intervención e educación, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Adxudicación á empresa “Monteoliva Arquitectura, S.L.P.”, no importe ofertado de 16.940,00 euros IVE incluído, da “Redacción do Plan Especial de Reforma Interior da UE 10 C Concello de Cambre.” Exp. 2017/C002/000005

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 25 de xaneiro de 2017 elabórase, polo xefe da Sección de Planeamento e Xestión municipal, don José Agustín Barca Cotelo, un informe de necesidade para a contratación dun servizo consistente en levar a cabo a redacción dun Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Execución (UE) 10 C do Concello de Cambre, cun importe de execución por contrata de 16.940,00 euros IVE incluído.

A necesidade do servizo fundaméntase en conseguir unha ordenación que mellore o que hoxe recolle a Unidade de Execución UE 10c das Normas Subsidiarias do Planeamento do Concello de Cambre, e que permita dunha maneira integral, engarzar o remate do Paseo do Templarios coa Rúa do Temple, e xerar un espazo público de calidade.

Ante o exposto faise necesario proceder á redacción do Plan Especial de Reforma Interior da UE 10 C do Concello de Cambre, polo que, con data 18 de xaneiro de 2017 ditouse Providencia polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente para a contratación mediante a modalidade de contrato menor do antedito servizo .



A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito con data 9 de febreiro de 2017.

Con data do 3 de marzo de 2017 o xefe do servizo de planeamento e xestión don José Agustín Barca Cotelo, emite informe-proposta de adxudicación a prol da entidade "Monteoliva Arquitectura, S.L.P.", no importe ofertado de 16.940,00 euros IVE incluído, por ser a única entidade ofertante nesta licitación, e axustarse ao orzamento de licitación.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de servizos, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 18.000,00 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, coa data do 27 de marzo actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2017/C002/000005.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente de data do 27 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada con data do 25 de xaneiro de 2017 polo xefe da Sección de Planeamento e Xestión don José Agustín Barca Cotelo, para a contratación do servizo de redacción dun Plan Especial de Reforma Interior da UE 10 C do Concello de Cambre, cun importe total de execución por contrata de 16.940,00 euros IVE incluído, así como aprobar as prescricións técnicas definidoras dos traballos a realizar.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria "2017/151/22706 Estudos e traballos técnicos urbanismo".

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2017/C002/000005, do servizo de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Adxudicar o servizo no prezo ofertado de 16.940,00 euros (IVE incluído), á empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P. con CIF B-15148729 domicilio na rúa Padre Feijoo, 9-1º, C.P. 15004 A Coruña por ser a única entidade ofertante, e axustarse ao orzamento de licitación, segundo informe emitido polo xefe do Servizo de Planeamento e Xestión de data 3 de marzo de 2017.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O prazo de inicio da prestación do servizo comezará a contar a partir do recibimento, por parte da empresa adxudicatária, da notificación de adxudicación.

Quinto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao xefe da Sección de Planeamento e Xestión, don José Agustín Barca Cotelo, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, ao que lle corresponderá supervisar a súa realización e adoptar a as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da actuación pactada.

Sétimo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención, Urbanismo e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

D) Adxudicación á aseguradora "Zurich Insurance PLC , Sucursal en España", no importe de prima ofertado de 10.933,87 euros, dunha póliza de seguro de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2017, (ambos incluídos). Expediente 2017/C002/000015

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data do 1 de marzo de 2017 formúlase proposta polo mediador de seguros da correduría contratada polo Concello de Cambre, "BVC Artai, S.A.", para a contratación dunha póliza de seguro de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2017, (ambos incluídos). A esta proposta, achega o prego de prescricións técnicas particulares, por un importe máximo de execución por contrata de 16.500,00 euros (importe total da prima), cunha franquía máxima de 600 euros.

A necesidade da contratación fundaméntase no próximo vencemento da póliza que actualmente ten subscrita o Concello , e que terá lugar o próximo 1 de abril, resultando recomendable subscribir unha póliza que abarque ata o 31 de decembro, esto coa finalidade de poder tramitar, no entretanto, o correspondente procedemento de contratación, que abarque a vixencia da póliza por anos naturais, coincidindo, deste xeito, con outras pólizas subscritas polo concello.



Segundo proposta do mediador de seguros da correduría contratada polo Concello de Cambre, "BVC Artai, S.A.", de data 1 de marzo de 2017, para a valoración de ofertas, terase en conta a baixada da prima de licitación, así como a baixada na franquía.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito con data 13 de marzo de 2017.

Remitíronse invitacións mediante correo electrónico con data 14 de marzo de 2017, para participar na presente licitación a catro entidades aseguradoras, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato .

Rematado o prazo de presentación de ofertas, presentouse oferta unicamente pola aseguradora "Zurich Insurance PLC Sucursal en España", que foi rexistrada de Entrada o día 17 de marzo de 2017 ao nº 0/2215.

Con data do 23 de marzo de 2017 o mediador da correduría de seguros do Concello de Cambre emite informe-proposta de adxudicación a prol da entidade "Zurich Insurance PLC Sucursal en España", nos importes ofertados de 10.933,87 euros de prima e 600 euros de franquía, por ser a única entidade que presentou oferta e cumprir cos requisitos contemplados no prego de prescricións técnicas particulares.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000,00 euros, cando se trate de contratos de obras ou a 18.000,00 euros cando se trate doutros contratos, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Por outra banda, o artigo 20 do TRLCSP establece que terán a consideración de contratos privados, entre outros, os contratos de seguros, e que estes contratos se rexerán, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola Lei de contratos do sector público, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, se é o caso, as do dereito privado, segundo corresponda, e en canto aos seus efectos e extinción rexeranse polo dereito privado

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 27 de marzo actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2017/C002/000015.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio de data do 27 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada polo mediador de seguros da correduría contratada polo Concello de Cambre, "BVC Artai, S.A.", para a contratación dunha póliza de seguro de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, para o período comprendido



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2017, (ambos incluídos), así como o prego de prescricións técnicas particulares, por un importe máximo de execución por contrata de 16.500,00 euros (importe total da prima), cunha franquía máxima de 600 euros.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria "2017/920/22400 Primas de Seguros Administración xeral".

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2017/C002/000015, do contrato privado de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 20, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación á única entidade que presentou oferta das que fóron invitadas a participar na licitación, "Zurich Insurance PLC , Sucursal en España"

Quinto: Adxudicar a contratación dunha póliza de seguro de danos materiais para os bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, para o período comprendido entre o 1 de abril e o 31 de decembro de 2017, (ambos incluídos), nos importes ofertados de 10.933,87 euros de prima total e 600 euros de franquía, á entidade aseguradora "Zurich Insurance PLC , Sucursal en España", con CIF W-0072130-H e domicilio na Avenida Diagonal nº 431 bis – 08036 , Barcelona, por ser a única entidade que presentou oferta e cumprir cos requisitos contemplados no prego de prescricións técnicas particulares

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Os traballos obxecto do presente contrato realizaranse baixo a supervisión do mediador de seguros do Concello de Cambre, (correduría de seguros "B.V.C. Artai, S.A."), e dos técnicos municipais designados como responsables do contrato.

Designase como responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Legislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), á técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Patrimonio, á que corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, para cuxo fin poderá contar coa colaboración do mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre.

Oitavo: Por nos atopar ante un contrato de natureza privada consonte ao establecido no artigo 20 do TRLCSP, estes contratos se rexerán, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola Lei de contratos do sector público, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, se é o caso, as do dereito privado, segundo corresponda, e en canto aos seus efectos e extinción rexeranse polo dereito privado, debendo



terse en conta, polo tanto, o disposto na Lei 50/80 do contrato de seguros, e Lei 26/2006 de mediación de seguros e reaseguros privados

Noveno: Notifíquese á entidade aseguradora adxudicataria, , facéndolle saber que o presente acordo pon fin á vía administrativa, , sen prexuízo de que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas poida recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, (artigo 46, puntos 1 e 4 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), e deberá presentalo perante o xulgado do contencioso-administrativo da Coruña ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da antedita Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo : Darlle traslado aos Departamentos de Intervención e Patrimonio, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E) Prórroga, ata o 31/12/2017, da póliza de seguros de accidentes para o persoal e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre, suscrito con “ACE European Group Limited, Sucursal en España”. Expediente: 2014/C006/000005

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto que no expediente nº 2014/C006/000005, dictouse resolución polo señor Alcalde nº 462/2015 ao data 19/03/2015, na que se adxudica a póliza de accidentes para persoal e membros da Corporación Municipal o licitador “ACE European Group Limited, Sucursal en España”, asinandose o correspondente contrato o día 25 de xaneiro de 2015.

Visto que, consonte a cláusula IV do citado contrato, este ten un prazo de execución de un ano dende a efectividade da póliza ata o 31 de decembro de 2015 prorrogable por anos naturais sucesivos (dende o 01/01 ata 31/12) anos máis ata o 31 de decembro de 2017, previo o acordo do órgano de contratación, tal e como consta na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas, e epígrafe 4 do cadro de características do contrato.



Visto que con data 29 de outubro de 2015 dictouse resolución de alcaldía nº 1917/2015, pola que se acordaba a prórroga ata o 31/12/2016.

Visto o informe favorable emitido polo xefe de réxime interior, coa data do 23 de marzo de 2017, no que consta que o adxudicatario cumpriu coas prescricións técnicas contratuais e o seu traballo foi satisfactorio, polo que non existe inconveniente para que este contrato sexa prorrogado por un ano máis.

Ao abeiro do establecido na cláusula IV do contrato, na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente, e no epígrafe 4 do anexo I do antedito prego, e de conformidade e co establecido no artigo 303.1 do RD Lexislativo 3/2011 que aproba o texto Refundido da Lei dos contratos do sector público.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servicios Sociais e Educación, de data do 27 de marzo de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Prorrogar, ata o día 31 de decembro de 2017, e nos seus mesmos termos, a póliza de seguros de accidentes para o persoal e membros da Corporación Municipal do Concello de Cambre co licitador “ACE European Group Limited, Sucursal en España” e domicilio na rúa Francisco Gervas, nº 13 28020 Madrid, (Expediente 2014/C006/000005, tal e como se contempla na cláusula cuarta do contrato suscrito, cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares e epígrafe 4 do Cadro de Características do Contrato (Anexo I).

Segundo: Notifica-lo presente acordo ao adxudicatario, así como aos departamentos municipais de Intervención e educación, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

F) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Reparación de danos ocasionados por temporais Xaneiro-Febrero 2014. Bribes e Mercuín (Anceis)”, investimento cofinanciado en virtude de Resolución de 4 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, (BOE nº 266, 06/11/2015), pola que se asignan subvencións por danos en infraestructuras municipais e rede viaria das deputacións provinciais e forais, así como das comunidades autónomas uniprovinciais, previstas no Real Decreto-Lei 2/2014 de 21 de febreiro, (BOE nº 46, 22/02/2014), convocadas por Resolución de 11 de maio de 2015 (BOE nº 114,13/05/2015)



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e o director facultativo da obra:

EXPTA DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000002	CYS HISPANIA, SL	B74282781	5ª certificación obra “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014. Bribes e Mercurín (Anceis)” (Subvencións por danos en infraestruturas municipais. Anualidade 2014)	28.566,51 €	F/2017/183	12/01/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que a obra foi recepcionada con data 11 de xaneiro de 2017, e que se informa polo responsable do contrato á instancia da intervención municipal, e logo da providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que o retraso na execución das obras non foi imputable á empresa adxudicataria

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto.

Vista a providencia formulada o 27 de marzo de 2017 polo concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTA DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000002	CYS HISPANIA, SL	B74282781	5ª certificación obra “Reparación de danos ocasionados por temporais xaneiro-febreiro 2014. Bribes e Mercurín (Anceis)” (Subvencións por danos en infraestruturas municipais. Anualidade 2014)	28.566,51 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

G) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra “Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre” incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Excm. Deputación provincial da Coruña.

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000003	SONDEOS PORZUNA, SL	B15546237	Certificación nº un da obra “Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre” incluída no POS 2016	119.297,68 €	F/2017/1479	13/03/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada pola responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto, así como a acta de recepción da obra de data 17 de febreiro de 2017.

Vista a providencia formulada o 27 de marzo de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000003	SONDEOS PORZUNA, SL	B15546237	Certificación nº un da obra “Mellora da rede viaria nas parroquias de Cecebre, Bribes, Sigrás e Cambre” incluída no POS 2016	119.297,68 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

H) Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada “Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol “Os Pinares”, Brexo Lema” incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Excma. Deputación provincial da Coruña.

Vista a proposta de Alcaldía de data 27 de marzo de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Tendo en conta que mediante a resolución de Alcaldía núm. 447, de data 18 de marzo de 2016, se delega na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións de Alcaldía relativas á aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo cando actúe como órgano de contratación.

Visto que consta no expediente para a súa aprobación a seguinte certificación de obra, xunto coa relación valorada correspondente, debidamente asinada polo contratista e a directora facultativa da obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE	NUM. FACTURA	DATA ENTRADA
2016/C003/000007	JARDINERÍA ARCE S.L.	B15547979	Certificación nº 3 e final da obra "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema"	182.722,45 €	F/2017/1525	15/03/2017

Comprobado o cuadre aritmético da mesma e a non variación de feito respecto ao proxecto de obra.

Visto que consta no expediente factura debidamente asinada polo responsable do contrato e o concelleiro delegado competente polo mesmo importe e concepto, así como acta de recepción de data 7 de marzo de 2017.

Vista a providencia formulada o 27 de marzo de 2017 polo concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, que conta co intervido e conforme da Intervención Municipal.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propono a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a seguinte certificación de obra:

EXPTE DE CONTRATACIÓN	CONTRATISTA	NIF /CIF	CERTIFICACIÓN DE OBRA CONCEPTO	IMPORTE CERTIFICACIÓN
2016/C003/000007	JARDINERÍA ARCE S.L.	B15547979	Certificación nº 3 e final da obra "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares", Brexo Lema"	182.722,45 €

Segundo: Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Oscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia